

Asistentes:

- D. Mateo Alonso Corredera (Presidente)
- D. Patricio Salgado Alonso (Secretario).
- D. Jose Javier Fandiño Núñez (Vogal)

En Vigo, ás 10:30 horas do 08 de Novembro de 2022, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. *Proclamación provisional de candidatos a Presidente e Comisión Delegada.*
2. *Convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para elección de Presidente e Comisión Delegada.*

1. Proclamación provisional de Candidatos a Presidente e Comisión Delegada.

Rematado o prazo no día de onte, tal e como indica o Calendario Electoral da Federación Galega de Xadrez de presentación de candidaturas a Presidente e membros da Comisión Delegada; reciben os membros da Xunta Electoral as seguintes candidaturas:

Presidente:

Ao amparo do disposto no artigo 21 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez (FEGAXA), rematado o prazo para presentar candidaturas á Presidencia da FEGAXA, proclámase o listaxe provisional de candidatos (ao presentar máis do 10% de avales dos membros da asemblea xeral tal e como indica o punto 3 do artigo 21 do Regulamento Electoral):

- D. Gaspar Pérez Carnero.
- D. Jesús Rodríguez López.

Comisión Delegada:

As solicitudes recibidas son admitidas por cumprir o estipulado no punto 3 do artigo 25 do Regulamento Electoral, quedando proclamados provisionalmente candidatos á Comisión Delegada:

- Por Entidades Deportivas (3 prazas):
 - Club de Xadrez Laroca.
 - Club de Iniciativas Deportivas Universitarias.
 - Club Xadrez Fontecarmoa.
 - Club de Ajedrez Escola Padrón.
- Por Deportistas (1 praza):
 - D. Jose María Dorado Reboredo.
- Por Árbitros (1 praza):
 - D. Francisco Javier Ogando González.
- Por Adestradores (1 praza):
 - D. Diego Adrián Espiñeira González

D. Jose Carlos Pena Torres presentou a súa candidatura á Presidencia da FEGAXA (recibida o 07/11/2022 ás 19:58 horas).

A Xunta Electoral non ten en conta esta candidatura xa que presentouse fóra de prazo tal e como establécese no apartado 3 do Artigo 12 do Regulamento Electoral: "Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderase días hábiles e expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo (...)".

Infórmase que contra o listaxe de candidaturas provisional publicado cabe reclamación ante esta Xunta Electoral no prazo de 3 días hábiles desde a publicación do mesmo.



2. Convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para elección de Presidente e Comisión Delegada.

Convócase en tempo e forma polo Presidente desta Xunta Electoral, D. Mateo Alonso Corredera, dacordo ao Calendario e Regulamento Electoral; **reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria para o 03 de Decembro de 2022** no Salón de Actos da Casa do Deporte de Vigo ás 17:00 en primeira convocatoria e ás 17:30 en segunda convocatoria.

Non habendo nada máis que tratar, levántase a sesión ás 11:12 horas.

Vº e praxe:

D. Jose Javier Fandiño Núñez
Vogal da Xunta Electoral

D. Patricio Salgado Alonso
Secretario da Xunta Electoral

D. Mateo Alonso Corredera
Presidente da Xunta Electoral

